

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA QUINCE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e dez minutos, do día expresado no encabezamento, ten lugar reunión en primeira convocatoria do Concello – Pleno, cos concelleiros/as que se expresan seguidamente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do mes de decembro; asistidos de min, Carlota González Navarro, secretaria xeral do Concello quen certifica, o expresado na presente acta.

Declárase polo Sr. Alcalde – Presidente aberta a sesión, con arranxo á Orde do día.

Asistentes:

Partido dos Socialistas de Galicia – Partido Socialista Obreiro Español PSdeG-PSOE

ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

ROSA ANA GARCÍA LÓPEZ

SERGIO SAAVEDRA GUTIÉRREZ

BENITO MANUEL VEGA FERNÁNDEZ

JESSICA SABIN FERNÁNDEZ

ALEJANDRO ANTONIO GARCÍA SOUSA

Partido Popular-PP

JOSÉ ANTONIO VIGO LAGO

ESTEBAN GARCÍA ALONSO

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ

MARÍA CRISTINA FREIRE ANEIROS

Centristas de Valdoviño (CENVAL)

LUIS MANUEL BECEIRO RODRÍGUEZ

Unidos por Valdoviño (U POR V)

MANUEL JAVIER BACORELLE ROBLES

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

CARLOS ALBERTO AMENEIROS SERANTES

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES DE DATA 14.12.15 (EXTRAORDINARIA, URXENTE) E 18.12.15 (ORDINARIA)

O Sr. Alcalde pregunta si alguén quere facer alguna observación aos borradores de actas.

Borrador acta 14.12.15. - Non se formulan observacións.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, prestou aprobación ao borrador citado.

Borrador acta 18.12.15.

A Sra. García López matiza que cando dixo no punto de Rogos e Preguntas, respecto á Cabalgata de Reis:”...o que se lle paga á empresa é en realidade o que tería que facer a técnica de Cultura” quixo facer un simil de tarefa, non que correspondese ese traballo á técnica.

Sr. Saavedra Gutiérrez.- No turno de Rogos e Preguntas, na súa intervención sobor da Lagoa quixo dicir que as actuacións feitas na Lagoa non foron as máis adecuadas.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade, acordou aprobar o borrador da acta do 18.12.15; aceptando as observacións ditas.

II) CONTROL DA ACTIVIDADE DO PLENO

2º.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA. RELACIÓN Nº 11/2015.

459	09-12-15	Aprobase o pagamento de nóminas (liquidación do 1/ 6 decembro/2015) a traballadores contratados con cargo ao plan RISGA da Xunta de Galicia. Importe total: 1.130,02€.
460	09-12-15	Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local do 10.12.15
461	09-12-15	Solicitud de subvención para Deportes 2016 á Deputación Provincial.
462	09-12-15	Aprobando relación provisional aspirantes para bolsa emprego: contratación temporal de educadores sociais.
463	10-12-15	Aprobando relación provisional aspirantes para bolsa emprego: contratación temporal de traballadores sociais.
464	10-12-15	Convocatoria pleno extraordinario, urxente de 14 decembro/15.
465	10-12-15	Solicitud de subvención de promoción económica 2016 á Deputación Provincial para realizar “Execución senda dende o km. 19 da estrada AC-566 ata a Praia de Pantín.
466	14-12-15	Aprobando relación definitiva aspirantes para bolsa emprego: contratación temporal de educadores sociais.
467	14-12-15	Aprobando relación definitiva aspirantes para bolsa emprego: contratación temporal de traballadores sociais.
468	14-12-15	De desestimación de recurso de reposición en materia de tráfico, interposto por interesado en Expte: 1255/15

469	15-12-15	Convocatoria sesión plenaria ordinaria de 18 de decembro/15.
470	15-12-15	Autorizando pago con carácter de “a xustificar” para pedido traxes e outro material para a cabalgata de Reis Magos Nadal 2015-2016 por importe de 1000 euros.
470-Bis	15-12-15	Concedenselle ao funcionario Santiago López Vilela os días 18 de decembro/15 e 7 de xaneiro/16 coma de asuntos propios.
471	15-12-15	Aprobanse as cotas – prezo público- da prestación do SAF correspondentes a setembro e outubro/2015. Importe total: 11.521,90 euros.
471-Bis	15-12-15	Resolución dun expte sancionador en materia de tráfico. Importe principal: 200 euros.
472	15-12-15	Acordase deixar sen efecto a resolución de 30.11.15 en expte sancionador en materia de tráfico núm. 10015/2015.
473	16-12-15	Estimando recurso de reposición en materia de tráfico. Expte 10015/2015.
474	16-12-15	Concesión de tarxeta de estacionamento para personas con minusvalía á peticionaria MA. V.F.
475	16-12-15	Solicitud de subvención de inversión para Deportes á Deputación Provincial para “Obras de mellora en polideportivo de Meirás”.
476	16-12-15	Solicitud de subvención de inversión para turismo á Deputación Provincial para “Acondicionamento espazos recepción e de lecer vinculados ao turismo nas praias da Frouxeira, Pantín e Baleo”.
477	16-12-15	Concedenselle á funcionaria Rita Díaz González os días 21 e 22 de decembro de 2015 coma de asuntos propios.
478	16-12-15	Concedenselle ao funcionario Ricardo Dopico Embade os días 7, 8, 11, 12 e 13 de xaneiro de 2016 coma de asuntos propios, correspondentes ao ano 2015.
479	16-12-15	Convocatoria sesión ordinaria Xunta goberno local do 17 de decembro de 2015.
480	17-12-15	Concedeselle ao traballador laboral Daniel A. Cartelle Sánchez o día 23 de decembro de 2015, coma de asuntos propios.
481	17-12-15	Aprobando gasto e autorizando os pagamentos contidos na relación anexa ao decreto. Importe total: 524 euros.
482	18-12-15	Decreto aprobación licencia en exptes de obra menor (24 exptes) e corrección de erros en expte de obra menor 194/13 e 85/15.
483	18-12-15	Resolución inicio de procedementos sancionadores de tráfico.- 5 exptes.- Importe principal: 660 euros; bonificado: 330 euros.
484	18-12-15	Aprobación bases selección operario maquinaria: contrato laboral temporal, e creación bolsa emprego para cubrir prazas xeito temporal de operario de maquinaria.

485	21-12-15	Elevando a definitiva as puntuacións dos aspirantes para bolsa emprego: contratación laboral temporal de educadores sociais.
486	21-12-15	Elevando a definitiva as puntuacións dos aspirantes para bolsa emprego: contratación laboral temporal de traballadores sociais.
487	21-12-15	Convocatoria sesión extraordinaria, urxente de Xunta de goberno local de 21.12.15.
488	21-12-15	Aprobando expte de modificación de crédito- xeración de crédito- por un importe total de 31.742,32 euros.
489	21-12-15	Aprobase expediente de modificación crédito nº 13/15 – transferencias de crédito- por importe total 547,44 euros.
490	21-12-15	Aprobanse as retribucións dos funcionarios de decembro/15 por un bruto de 100.046,32€; do persoal laboral por 14.151,81€ e as retribucións destinadas aos membros da Corporación a abonar en decembro por 6.072,46 euros.
491	21-12-15	Levantando reparo emitido pola intervención en data 21.12.15 sobre facturas nº 15-036 relativa a obras de colocación e chapa policarbonato na cuberta do pavillón do Longoiro e ordeando o pagamento da dita fra.
492	28-12-15	Convocatoria sesión extraordinaria, urxente de Xunta de goberno local de 28.12.15.
493	29-12-15	Aprobasen os gastos e autorízanse os pagamentos das facturas contidas nas relacións anexas ao decreto. Importe total: 142.070,84 euros.
494	29-12-15	Aprobanse os xustificantes de “pagos a xustificar” imputados en decreto nº 470/2015 por importe de 641,93 euros; relativos a gastos da Cabalgata de Reis.
495	30-12-15	Resolvendo a prórroga do actual orzamento municipal (prorrogado do ano 2014) para o vindeiro exercizo 2016.
496	30-12-15	Autorizando realización Cabalgata Reis 2016 e trasladando resolución á Policía Local para que estableza os desvíos e restricións de tráfico con motivo da dita celebración.

O Sr. Beceiro Rodríguez solicita se lle facilite copia do decreto nº 482/2015.

O Pleno tomou coñecemento da relación 11/2015 de decretos.

3º.-ROGOS E PREGUNTAS

Intervén o Alcalde, Sr. González Fernández, para expoñer que por mor das condicións do temporal, dende o último xoves, houbo problemas no termo municipal, agás na parroquia de Vilaboa.

Algunhas das incidencias foron caídas de taudes, enchente do río de Porto do Cabo, en Aviño problemas por enchente do regato dende Os Penidos, con entrada de auga en casas; destrozos en pistas de Villarrube: O Bacelar, Os Torrentes; en Montefaro pechouse unha pista.

Recibíronse chamadas dende distintos puntos, que se intentaron subsanar cos traballos dos operarios municipais e Protección Civil, e tamén traballou a empresa “Viaqua” sobre todo na zona dos Percebes.

Pidimos axuda á Xunta, e sumará cartos o traballo do persoal municipal. Está facendo informe a Policía Local para ter documentados as desfeitas e solicitar indemnizacións. Manifesta o seu agradecemento aos traballadores.

Sr. Rodríguez Fernández.- Felicito ao Concello pola súa actuación e ao persoal de todos os servizos que participaron nos traballos.

Sinala o Sr. Alcalde, que Telefónica, participou con menor intensidade nos amaños.

Sr. Vega Fernández.- Na Avda. de Taraza, estragáronse 12 luminarias.

Sr. Vigo Lago.- Están sen protección.

Sr. Alcalde.- As últimas que se puxeron, sí a teñen.

Continúa o Sr. Alcalde comentando que en Celeiro, celebrouse Xunta do Plan de Acción Social, e que se vai reducir a Directiva. Que no sector público había seis concellos, que pasan agora a catro, quedando integrado Valdoviño (representada) polos Concellos de Viveiro, Burela, Cedeira e Cariño.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO BNG. SR. AMENEIROS SERANTES. –
Interesase polos seguintes asuntos:

- ✓ -Plan Xeral de Ordenación.

Sr. Alcalde.- Coa documentación preparada polo equipo redactor, prévese presentala nas parroquias e que a xente poida facer suxestións.

Sr. Ameneiros.- Pediría un calendario de actuacións.

Sr. Alcalde.- Dacordo. O interlocutor é o arquitecto municipal.

- ✓ -Reitero a petición feita xa en plenos pasados, en canto ao fraccionamento do IBI. Algún concello xa fraccionou o pagamento. E si se fai o fraccionamento que non sexa tan custoso.

Sr. Alcalde.- Ten que tomar a decisión a Deputación que ten delegado o cobramento.

Sr. Ameneiros.- Si, pero quita un beneficio, non é un servizo de balde.

- ✓ -Orzamento municipal.

Sr. Alcalde.- A intervención municipal quere saber o estado de liquidación, pero vaise facer. Sabemos que teremos que facer fronte a pagos, como o de Porto do Cabo, cando chegue a sentenza. Tamén debido á necesidade de facer o Plan económico – financeiro hai trabas para pedir algunhas subvencións. Concedéron para o PAI 2016 a cantidade de 209.000 euros que pidiremos e destinaremos a amortización da débeda.

Sr. Ameneiros.- Pido se aproben os orzamentos en prazo.

- ✓ -Reitero se faiga Regulamento de participación vecinal.
- ✓ -Faigo a suxerencia sobre o mal estado das marquesiñas.

Sr. Alcalde.- Se lle encomendou aos técnicos que fixesen estudio das actuacións mas adecuadas, especialmente das máis usadas (transporte escolar...).

- ✓ -Pido a limpeza do río que pasa preto das vivendas sociais (está esa zona feita unha maraña), débese limpar ese treito e sanear a zona.
- ✓ -Retomo o da frecuencia de recollida do vidro. Aviño leva tempo co contenedor cheo.

Sr. Vega Fernández.-Están avisados, non lle cobran ao Concello, pero teñen un único camión para toda a zona e tardan coa recollida.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL U POR V.- SR. BACORELLE ROBLES.-

- ✓ -¿Chegou algunha sentenza?

Sr. Secretaria.- Non.

- ✓ -¿Tramitouse algo do camping?

Sr. Alcalde.-Non.

- ✓ -¿Houbo algún problema con chiringuito da praia ou co establecemento da Saíña?

Sr. Alcalde.- Mirarase.

- ✓ -¿Quen organizou a Cabalgata de Reis? Pregunto porque vin en rexistro petición a Protección Civil, de colaboración.

Sra. García López.- Organizouna o Concello. Esa petición era para a Cabalgata en Pantín, que non chegaron a facer este ano.

-Hai facturas da Cabalgata, anteriores á data do acto.

Sra. García López.- Sí, pola adquisición de roupa de Reis e complementos, que o concello mercou e quedan como propiedade.

- ✓ -¿Resultaron ben os análisis da auga das Forcadas?

Sr. Alcalde.- Sí, de feito levantaron a alerta.

- ✓ -Transmito queixas veciñais na frecuencia de recollida do lixo.

Sr. Vega Fernández. -Vaise facer relación con indicación dos puntos e días de recollida.

O Sr. Saavedra Gutiérrez indicalle ao Sr. Bacorelle que ten dispoñible a copia que solicitou, da memoria valorada do campo de fútbol.

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL CENVAL. -SR. BECEIRO RODRÍGUEZ.-

- ✓ -O humedal da Lagoa está protexido por diversos entes. ¿Non se pode pedir unha segunda opinión sobre o Plan?

Sr. Ameneiros.- Creo que Valdoviño debería trasladar á Xunta as desfeitas producidas.

Sr. Alcalde.- Xa comentei o tema dos danos. Curiosamente non aparece a zona como inundable. Esperamos ter unha reunión de traballo.

Sr. Beceiro.- Non sei qué Plan hai, é unha improvisación total. (Gástanse unha morea de cartos e sen solución, ao final van dragar).

Sr. Alcalde e Sr. Rodríguez.- Non van a dragar.

Sr. Saavedra.- Sería boa idea facer por todos no Concello unha moción, instando á Xunta a modificación do Plan.

Sr. Bacorelle.- Falar é fácil, pero penso que ós técnicos, saberán o Plan que fixeron, e que o fixeron para facerlle ben a Lagoa, dicir o contrario é un populismo barato, pero sí que se pode facer esa moción.

Sr. Alcalde.- O documento técnico ven a dicir que a evolución lóxica da Lagoa tende ao cegamento. Producíronse dende o 2003 actuacións que provocaron estreitamento na desembocadura que conduce ao proceso de cegado.

Sr. Vigo Lago,- Doulle a razón ao Sr. Bacorelle, os técnicos son sabedores na súa materia. Hai tempo había movementos de area por ventos predominantes, incluso esa area chegou a Taraza. Na Lagoa, pasou o mesmo, entrou moita area, e por iso queren manter o nivel de auga.

Sr. García Alonso.- Hai que estudar os resultados do Plan.

✓ Sr. Beceiro Rodríguez.- ¿Rematouse na obra do Cameleiro?

Sr. Alcalde.- Está igual, aínda que cremos que acabará (iso nos dixo Fenosa) nuns oito días.

✓ ¿Fixéronse obras no pavillón de Longoiro?

Sr. Alcalde.- Vánse facer. Fixéronse actuacións de cambio de planchas, estánse selando planchas vellas que presentan folguras; entra auga.

Sr. Rodríguez Fernández.- Sempre houbo entradas de auga nese pavillón.

Sr. Alcalde.- Tense pedida subvención para mellora da drenaxe.

✓ -¿Contrato alumeado público?

Sr. Alcalde.- Pendiente documentación técnica.

✓ -¿Porto do Cabo?

Sr. Alcalde.- Hai neste asunto pendentes varias cuestións que haberá que ir abordando.

✓ -No alumeado de Aviño hai varias farolas fundidas.

✓ -Trasládanme que non se lle deixa ir á Policía Local cando a require algún veciño.

Sr. Alcalde.- Iso non é certo. (Abunda nesta afirmación do Alcalde a secretaría municipal).

INTERVENCIÓN GRUPO MUNICIPAL DO PP- SR. VIGO LAGO.-

✓ -¿Fíxose algunha xestión sobre o edificio do Siroco?

Sr. Alcalde.- Non, non houbo máis comunicación co concello.

✓ -¿Fixose algún respecto ao asunto da Cámara Agraria?-

Sr. Alcalde.- Posiblemente poñamos nese local algún elemento de sostemento, por seguridade. Coméntouse posibilidades de permuta (o problema é a declaración de ruina), pero está condicionada a que a Xunta necesite algún espazo en Valdoviño, relacionada con Medio Rural.

Sr. Vigo Lago.- O Concello conta con terreos rurais.

Sr. Alcalde.- Pero ten que precisalo a Xunta.

✓ -¿Avanzouse no da numeración das vivendas?

Sr. Alcalde.- Paralizado este asunto, porque queremos retomar o expediente do nome das rúas.

✓ -¿Iniciouse a dixitalización dos documentos do arquivo?

Sr. Alcalde.- Non se sigueu, por incapacidade económica, que nos indicou a interventora.

✓ -¿Solucionouse o problema do sistema de alimentación interrompida na Casa do Concello?.

Sr. Alcalde.- O problema era a de ventación, controlouse e solucinouse.

Sen máis intervencións, cando eran as vinte e unha horas e trinta minutos desde día, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión, da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, CERTIFICO.

O Alcalde,

A Secretaria,

